



CONGRESO INTERNACIONAL CONTEMPORÁNEAS: POLÍTICAS, TRABALLADORAS E CONSTRUTORAS DE SOCIEDADE

Santiago de Compostela, 20 e 21 de Outubro de 2022

Versión preliminar para uso exclusivo neste congreso. Non citar sen autorización do autor.

APROXIMACIÓN HISTORIOGRÁFICA Ó PAPEL DA MULLER NOS MOTÍNS DE SUBSISTENCIA NA GALICIA RURAL DO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

Sara Plaza Moreno

Universidade de Santiago de Compostela

España

sara.plaza@rai.usc.es

SESIÓN Nº1: Mulleres e política

Resumo: O obxectivo desta comunicación é realizarmos unha aproximación ó papel das mulleres nos motíns de subsistencia na Galicia rural do primeiro terzo do século XX. Para iso levaremos a cabo unha revisión bibliográfica de como distintos autores e autoras interpretaron a presenza e participación feminina nesta forma de protesta popular, abrindo ese marco temporal e espacial cara á historia contemporánea precedente e posterior, no contexto galego, español e de Europa occidental. A nosa será unha contribución para indagarmos tamén nalgúns das diferentes maneiras como foi considerada na historia, na antropoloxía e na socioloxía un tipo de acción directa colectiva, non institucionalizada nin canalizada por organizacións formais, vixente ata ben entrado o século XX, na que as mulleres ocuparon un lugar destacado.

Palabras chave: muller, motín, conflito, Galicia, século XX

Introdución

Unha das primeiras cuestións que cómpre termos en conta ó mergullarnos no estudo dos motíns, e en particular dos motíns de subsistencia, é a advertencia que sobre o emprego do termo "motín" formulou o historiador E. P. Thompson (2019), ó sinalar que esas cinco letras poden ocultar algo así como unha visión "espasmódica" da historia popular:

De acordo con esta apreciación, rara vez pode considerarse o pobo como axente histórico con anterioridade á Revolución francesa. Antes deste período a chusma introdúcese de maneira ocasional e espasmódica, na trama histórica, en épocas de disturbios sociais repentinos. Estas irrupcións son compulsivas, máis que autoconscientes ou autoactivadas; son simples respostas a estímulos económicos. É suficiente mencionar unha mala colleita ou unha diminución no comercio, para que todas as esixencias dunha explicación histórica queden satisfeitas.¹ (p. 273)

Confrontando esa visión, o historiador inglés revela a existencia dalgunha noción lexitimadora en case toda acción de masas do século XVIII, isto é: "os homes e as mulleres que constituían a multitude crían estar defendendo dereitos e costumes tradicionais; e, en xeral, que estaban apoiados polo amplo consenso da comunidade". Para Thompson, o motín de subsistencia na Inglaterra do século XVIII foi unha "forma moi complexa de acción popular directa, disciplinada e con claros obxectivos" (p. 276).

Provocados pola privación que supuña unha suba vertixinosa dos prezos, prácticas incorrectas por parte dos comerciantes, muiñeiros, panadeiros etc., a fame ou a ameaza desta, na orixe dos motíns de subsistencia estaría asemade a percepción dun agravio.² Nesta mesma idea inciden Martínez Moreno e Martínez-Cava (2020), cando sinalan que os motíns de subsistencia "ocorrían cando a xente percibía que se abandonaban os 'prezos xustos', xa fose porque as autoridades non garantían a existencia da súa poboación ou porque se cría que as subas eran artificios de especuladores e acaparadores (ou ambas)". De aí, continúan ambos os investigadores, que "as protestas non só buscaban a subsistencia da poboación, senón que revelaban toda unha maneira de concibir a actividade económica, ancorada en usos e costumes tradicionais" (p. 3).

¹Thompson (2019) prevennos lembrando esoutra advertencia que George Rudé, entre outros, fixera contra o uso impreciso do termo "populacho", e insiste en que a palabra "motín" resulta un instrumento de análise "basto" para moitos dos agravios e circunstancias concretos (pp. 273 e 318). Máis adiante concluirá que para poñer en dúbida a visión non lineal e espasmódica do motín de subsistencia: "[N]on temos máis que apuntar cara a este tema continuado da intimidación popular, no que homes e mulleres a piques de morrer de inanición atacaban, non obstante, muiños e celeiros, non para roubar o alimento, senón para castigar os propietarios" (p. 327).

²En tempos de escaseza (que podía ser natural ou inducida), estes agravios operaban dentro dun consenso popular sobre que prácticas eran lexítimas ou ilexítimas no que respecta á comercialización, moenda, cocción..., sobre o que estaba "prohibido" ou "permitido" facer de acordo cunha "visión tradicional consecvente coas normas e obrigas sociais, coas funcións económicas propias dos distintos sectores dentro da comunidade" (Thompson, 2019, pp. 276-277).

As anteriores reflexións condúcennos ó debate historiográfico e sociolóxico sobre o carácter político, apolítico ou prepolítico da revolta popular e a consideración ou non da violencia colectiva como instrumento de acción política. Charles Tilly, Loïuse Tilly e Richard Tilly (1997) explican que os tipos de acción colectiva que eles estudaron, especialmente as formas competitivas e reactivas,³ para historiadores como Hobsbawm, Rudé e os seus seguidores serían "prepolíticas" en tanto que "expresivas de reivindicacións e aspiracións que os seus protagonistas non podían articular nunha análise, programa e organización coherentes" (p. 333).⁴ Fronte a este razoamento, os autores de *O século rebelde, 1830-1930* chaman a atención sobre o enganoso que pode resultar o termo "prepolítico" en dous sentidos: "Primeiro, implica que as accións colectivas en cuestión estaban só tanxencialmente relacionadas coa loita polo poder. [...] Segundo, suxire que os participantes non sabían o que estaban a facer, ou, polo menos, que eran menos conscientes que os revolucionarios do século XX" (p. 334).⁵

Thompson (2019) non albergaba ningunha dúbida sobre o feito de que a acción directa, en calquera das súas manifestacións, era sempre un "acontecemento profundamente político ademais de económico" (p. 402). E aínda que o historiador aclara que a "economía moral" que inspiraba esas accións non podía ser descrita como política en ningún sentido progresista, tampouco non podía ser definida como "apolítica", "posto que supón noções do ben público categórica e apaixonadamente sostidas" (p. 277).

Para completar estas primeiras consideracións sobre os motíns de subsistencia como unha das formas posibles de acción directa que, vindo de moito tempo atrás tiveron o seu auxe no século XVIII en países como Inglaterra (Thompson, 2019; Rudé, 1978, 1981), Alemaña, Francia ou Italia (Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly, 1997; Rudé, 1978 e 1981 no caso de Francia), e a partir do XIX en España,⁶ imos comentar brevemente un par de cuestións finais. A primeira é o fío común que Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly atopan entre as formas de acción colectiva no presente e no pasado, pois unhas e outras estarían "intimamente ligadas á estrutura da vida cotiá, en vez de ter unha lóxica ou ilóxica propia" (p. 335).

³Para afondar na clasificación das distintas formas de acción colectiva que propoñen estes autores véxase Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly (1997, pp. 66-72 e pp. 288-291). Os motíns de subsistencia estarían encadrados nas formas de acción colectiva reactivas.

⁴Ata certo punto tamén Vallejo (1990) compartiría ese punto de vista cando escribe que: "[A] ausencia dunha organización previa, promovida por algunha forza política ou social que aspirase ó exercicio do poder, elimina calquera posible caracterización destas revoltas [as antifiscais de 1892 en España] como políticas en sentido estrito. Así e todo, non hai que desprezar unha certa politización, que, en calquera caso, non ía máis aló do emprego de diversos signos" (p. 21).

⁵Curiosamente, advirten a continuación estes autores: "Cando Hobsbawm fala de 'negociación colectiva a través dos disturbios', o interpreta exactamente así" (p.334).

⁶ Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly (1997): "En España a transición das formas reactivas clásicas da violencia colectiva (os motíns de subsistencia, as revoltas fiscais etc.) viría máis tarde e nun tempo que varía marcadamente de rexión en rexión [...] Na caótica España, como en Alemaña, Italia e Francia, a textura da violencia colectiva é esencialmente a textura da política" (p. 317).

En segundo lugar, e relacionado co anterior, temos que mencionar sequera a noción de "historia dende abaixo" (fronte á de "historia dos de abaixo", incluída nela), que iniciaron historiadores marxistas británicos como Thompson, Rudé ou Hobsbawm na segunda metade do século XX, e que supuxo un cambio de paradigma historiográfico, outro xeito de narrar a historia. En palabras de Xavier Domènech (Domènech, Martínez-Cava e Delgado, 2021): "Non se trata de historiar só certos suxeitos, senón de tratalos precisamente como suxeitos históricos, coas súas vitorias e as súas derrotas, e cos elementos de derrota que hai tamén en cada vitoria, como elementos de vitorias hai ás veces tamén na derrota" (p. 3).⁷

Tendo en mente as prevencións e ideas que acabamos de apuntar, as cales xustificarían a nosa achega a este congreso dentro da mesa "Mulleres e política", imos agora presentar os resultados da nosa revisión bibliográfica sobre o papel das mulleres nos motíns de subsistencia na Galicia rural do primeiro terzo do século XX. Trátase dun intento de contribuír a desvelar como foi recollida e interpretada pola historiografía recente a presenza e a participación feminina, compoñente fundamental desa multitude á que Rudé (1978) lle puxo rostro, nunha acción colectiva de protesta que, malia vir debilitándose progresivamente dende mediados do século XIX,⁸ aínda pode atoparse case un século despois.⁹

A presenza da muller nos estudos da protesta colectiva pola subsistencia

Antes de continuarmos, é necesario facermos unha pequena aclaración, froito do que nos foron amosando os escritos académicos e a prensa consultados. En moitas ocasións, a fronteira entre o motín de subsistencia e o motín antifiscal contra o "odiado" imposto de consumos¹⁰ é moi difícil de trazar, estando a maioría dos conflitos en ambos casos atravesados

⁷E aínda vai máis aló o historiador catalán (2021), recollendo a que para el sería a segunda parte da "historia a contrapelo" de Benjamin e explicando: "Eu creo que a importancia de non facer só unha historia de abaixo senón facer unha historia desde abaixo non ten que facernos esquecer a outra achegade Thompson ou de Benjamin de que tamén aquilo que non transcendeu é relevante para a nosa experiencia histórica actual" (p. 4).

⁸Thompson (2019), na revisión que publicou no ano 1971 do seu ensaio sobre a economía moral, anotou que talvez a pregunta máis difícil de contestar non fose por que as mulleres ás veces se amotinaban, senón por que a tradición da protesta social se debilitara tanto a mediados do XIX, e outro tanto acontecese coa presenza feminina na rúa (p. 451).

⁹Véxase, por exemplo, "a revolta da fame" do Saviñao (Lugo, 1946) que recolle Lucía Veciño (2018), onde: "As mulleres non tardaron en decatarse da situación [desvío do centeo para o estraperlo] e convocaron unha concentración na praza do concello para protestar pola fuxida do gran que elas mesmas plantaran e traballaran" (p.74). Esta revolta foi estudada polo miúdo por María Jesús Souto Blanco (2003), revisarémoslo máis adiante no apartado Galicia franquista.

¹⁰Brey (2005), a propósito do sistema tributario instaurado polo liberalismo escribe: "Sen esquecer os odiados impostos de consumo sobre os produtos de comer, beber e arder, cuxa impopularidade se mide polo número de protestas e altercados, ás veces violentos, que causou ata a súa abolición, non só no campo senón nas cidades ás que acudían as campesiñas para ofrecer os seus produtos como ocorreu na Coruña en 1886 ou Pontevedra en 1892, por citar uns exemplos" (p. 172).

polo denominador común do dereito a subsistir. Por este motivo, nas páxinas que seguen, menciónanse revoltas que se sitúan nese límite permeable que se advirte entre un e outro.¹¹

Aclarar tamén que a maioría dos motíns que atopamos aconteceron en vilas e cidades, polo que podería considerarse que fican fóra do espazo rural¹² obxecto do noso interese. Porén, coidamos que as rúas, feiras, prazas e mercados desas vilas e cidades deben ser entendidos na nosa revisión como prolongación do ámbito propiamente rural, en que se recollía ou producía o excedente agrario que as mulleres comercializaban ou mercaban naqueles.

Hai algo máis que quixeríamos sequera deixar apuntado a propósito das fontes nas que beberon os historiadores e as historiadoras¹³ cuxos traballos fomos examinando. Referímonos ó que sobre elas nos lembran, entre outras investigadoras, Herminia Pernas Oroza ou Ana Cabana Iglesia. Sinala Pernas (2011) que "é un feito innegable que a documentación dos arquivos públicos referida á muller é escasa; e por iso as historiadoras se viron na obriga de dirixir as súas pescudas cara aos arquivos privados así como cara ás fontes literarias", mentres que para elaborar historias de vida "a historia oral constitúe unha fonte primordial" (p. 20). Pola súa banda, ollando para a ausencia do feminino na historia agraria, ademais da existencia do silencio documental, Cabana (2017) explica que, en moitos casos, "as fontes documentais que conforman especificamente o seu corpus [...] ocultan a presenza das mulleres ou encobren/minimizan a súa actividade porque están adecuadas ó modelo androcéntrico imperante das sociedades que as xeraron" (p. 91).

Galicia primeiro terzo do século XX

Diriximos agora a nosa atención cara ás mostras de descontento e resistencia en Galicia durante as primeiras décadas do século XX. Para contextualizar os motíns no horizonte de conflictividade rural, resulta de grande axuda o artigo "Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo" (Hervés e outros, 1997), no que se indaga sobre a dialéctica entre a continuidade dunhas formas de produción agraria e unha organización social "tradicional", e o cambio que en ambas se observa a partir do primeiro terzo do século XX.¹⁴ Os autores consideran que "os conflitos e as

¹¹Lembramos aquí a advertencia de Rudé (1978) sobre o feito de que as protestas da multitude raramente estaban vinculadas a unha única causa (véxase, por exemplo, as moi diversas que enumera para as revoltas de "Swing" [1830] p. 158, ou para as de "Rebeca" [1839 e 1842] p. 163). Vallejo (1990) toma do historiador inglés esa idea, engadindo que tampouco non se debería rexeitar ningunha resposta simple (p. 14).

¹²Verbo das axitacións populares de 1892, Vallejo (1990) recolle 6 rebelións antitributarias no país galego, 4 delas "en núcleos urbanos de importancia: a vila de Noia, e Ourense, Pontevedra e Vigo" (p. 11). Indicando a continuación que: "Salvo no caso de Galicia, desde a perspectiva da localización destaca o carácter 'rural' dos motíns anticonsumos" (p. 11).

¹³Tamén sociólogos, xornalistas, politólogos, filólogas...

¹⁴Da persistencia das primeiras darían conta "a fortaleza da pequena explotación familiar e a consistencia das estruturas comunitarias", mentres que "a crecente integración no mercado capitalista,

súas manifestacións proporcionan argumentos de primeira orde para coñecer a historia das sociedades" e acreditan en que "non hai acción colectiva, por pouco durable que esta sexa, que non produza un mínimo de organización" (p. 166).¹⁵

En concreto, para o período comprendido entre 1900 e 1936, constatan o desenvolvemento do asociacionismo agrario sobre marcos comunitarios (superándoos pero enraizado neles) e existiran vellos e novos motivos de conflito. Entre os que veñen de lonxe estarían a loita pola propiedade plena da terra, a oposición á tributación e o servizo militar. Mentres que serían recentes as protestas producidas pola comercialización de insumos e produtos agrarios. Se a oposición contra o servizo militar adoita ser neste momento individual, a través da emigración, na protesta antiforal e antifiscal a acción colectiva "adquirirá novas dimensións [...] en virtude da aparición de novos soportes organizativos [...] [c]un extraordinario impulso asociativo que se producirá a partir de 1886" (p. 182).

Unha das conclusións que tiran os historiadores, a partir dos sucesos de Tui en 1905,¹⁶ é que: "Sería precisamente a presenza desta trama asociativa a que explique a conversión dun conflito antifiscal nacido baixo os sinais característicos dun motín de mercado como o dos anos 1890 nun fenómeno de trazos novos" (p. 183).¹⁷ Nesos sucesos encontramos mencionada a presenza das mulleres: o descontento contra arbitrios, consumos e contribucións, que se viña forxando ó longo do ano anterior, estoupa no enfrontamento das vendedoras do rural cos recadadores municipais. Durante varios días prodúcese choques no mercado desta vila e, finalmente, as directivas das sociedades agrarias acordan que as vendedoras deixen de acudir ó mercado. A súa volta negociarana co gobernador civil a cambio de suprimir o tributo.

Os outros sucesos dos que temos noticia no artigo de Hervés e outros, nesas décadas iniciais do século XX, son os de Nebra en 1916, combinación de crise de subsistencia e fiscalidade abusiva. Nada se conta deles alén da súa virulencia, pois para estes autores a protesta antifiscal só excepcionalmente adoptaría no século XX o nivel de violencia acadado no anterior. Na procura de máis información acudimos ó traballo de Eliseo Fernández Fernández (2018), "Os mártires de Nebra", quen, sobre a participación feminina neles conta que de entre máis de 300 campesiños e campesiñas, armados con fouces, gadañas e paus berrando *Non se paga o defis!*, "as mulleres adiantáronse aos homes e foron cara á garda civil [...] Diante da actitude

o desenvolvemento do Estado liberal e a articulación da sociedade civil", determinarían os cambios (p.165).

¹⁵De aí parte o seu interese por indagaren no que permanece, no que cambia e no que se transforma, por exploraren a articulación das formas de protesta "cualificadas de *tradicionais* coas novas", polo estudo dos actores concretos dos grupos en disputa, os seus recursos e condicionantes, os motivos do conflito, como se manifestan, que vías de solución se abren e en que formas de organización se sustentan (p.166-167).

¹⁶Véxase Henrique Hérves Sayar, "O nacemento do asociacionismo campesiño na rexión baixomiñota, 1900-1905", Lourenzo Fernández Prieto (coord.), *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, 2000, pp. 163-191.

¹⁷E similares son as súas consideracións no caso da loita antiforal, cuxo éxito se explicaría pola coincidencia entre as vellos fórmulas de resistencia e as novas organizacións (p. 184).

das mulleres e do lanzamento dalgunhas pedras, a garda civil comeza a disparar, primeiro ao ar e despois contra a multitude" (p. 28). A traxedia desátase e non tardamos en saber que: "En outubro de 1916 morrían cinco persoas (catro delas mulleres) a consecuencia dos abusos caciquís e a represión da garda civil, e nacían os Mártires de Nebra" (p. 30).

Do acontecido en Nebra ocúpase Francisco J. Leira-Castiñeira (2021) en "A formación da sociedade civil a través da protesta agraria. O caso de Porto do Son no cambio de século",¹⁸ pero tampouco se detén especificamente no papel das mulleres, unicamente recolle a súa presenza en primeira fila o día dos graves enfrontamentos, presentándoas como vítimas da represión. Do mesmo xeito serán vistas na análise de Xosé Manuel Suárez Estévez (2018), "Paz, xustiza, traballo. Sobredo, 1922", sobre o sucedido a raíz do acto de solidariedade da comunidade cun labrego que ía ser embargado por impagamento da renda foral. Entre os mortos achábase "unha muller preñada, representación do traballo duro na defensa do sustento para os fillos (Cabanillas)" (p. 66).

Cómpre achegármonos ós traballos de Lucía Veciño Souto (2018), "As labregas nos conflitos", e de Francisco Rodríguez Sánchez (2018), "Revolta popular coas mulleres na vangarda. Trasancos, marzo 1918"; ós artigos xornalísticos de Xosé Alfeirán Rodríguez (2018a, 2018b), "Los motines del hambre azuzados por las mujeres" e "El motín de las alubias"; e mais ó capítulo de Pernas, "Instigación e recepción feminina de actos violentos na Galicia do século XIX e comezos do XX" (2021), para coñecermos algo máis sobre o papel das mulleres na revolta popular a comezos do século XX en Galicia.

Veciño (2018) amósase moi crítica coa historiografía agraria galega. Ó seu xuízo, é da modernización económica do que se veñen ocupando a maior parte dos estudos sobre o rural contemporáneo: "[A]tendendo especialmente a mecanización e a introdución das ferramentas científico-industriais necesarias para as explotacións familiares, sen prestar demasiada atención ao que supón pasar dunha economía de subsistencia a unha puramente capitalista". De aí que o resultado disto sexa para a historiadora que: "[A] información que temos das nosas labregas é moi escasa" (p. 70). A seguir describe o ocorrido en Barallobre (Fene), onde o tren protagonizou o rexurdir das labregas galegas nun episodio coñecido como "Guerra das mulleres" ou "Motín da fariña".

Verbo deste tipo de acontecementos, clasificados pola historia como conflitos ou motíns de subsistencia, Veciño aclara: "[E]u, a título persoal, non comparto esta definición, pois considero que non se daban tanto cando a xente estaba famenta como cando pensaban que outros as estaban privando inxustamente de alimentos aos que tiñan dereito". E continúa: "Tendo en conta que sempre foron as mulleres as encargadas de cubrir as necesidades

¹⁸Capítulo no que o autor afonda sobre "os cambios no tipo de protesta, a creación das asociacións para canalizar estes sucesos, a configuración dunha identidade por parte do campesiñado, o nacemento e actuación política dun sector do agrarismo ou o incremento da represión por parte dos poderes fácticos de forma paralela ao crecemento da organización dos problemas sociais" (p. 214).

familiares, non é de estrañar, polo tanto, que fosen elas as que librasen este tipo de conflitos" (p. 73).

Os feitos sitúanse en marzo de 1918, á fame e a escaseza polo desabastecemento interno debido á I Guerra Mundial, súmanse as malas colleitas dese ano e a suba descontrolada do prezo dos alimentos. Tras o anuncio dos panadeiros do encarecemento do pan, "as mulleres de Xuvia reuníronse en asemblea para intentar frear o que elas entendían como un xenocidio" (p. 73).¹⁹ O descontento segue medrando e uns días despois, "as mulleres de Barallobre e de Maniños paran o tren de mercadorías que ía para Ferrol, abren as vagonetas e collen os sacos de fariña". A revolta prolóngase durante catro días, nos que se suceden diversos actos de violencia baixo a dirección de Aurelia Pedreira, "exemplo de decisión, autoxestión e organización" (p. 74).

Veciño remata o seu escrito facendo unha chamada á revisión da historia de xénero galega. Cuestiona en primeiro lugar a caracterización de "primitivas" por parte de Hobsbawm das accións como a que levan a cabo as mulleres de Barallobre e Maniños, "para diferencialas das reivindicacións das organizacións obreiras e sindicais, sen ser consciente de que preservaron a supervivencia de moitas familias galegas". A continuación afirma a autora que as mulleres eran as que estaban ó tanto das "necesidades de abastecemento dos mercados e das cidades, porque controlaban a distribución de mercadorías e servizos a pequena escala, e aproveitaban as oportunidades que ofrecían o desabastecemento ou a suba de prezos como motor de mobilización para as súas protestas" (pp. 74-75). A segunda crítica refírese ó feito de xustificarse a miúdo a presenza das mulleres como escudo tanto nas mobilizacións agrarias como nas obreiras. A investigadora considera que isto debe ser revisado tendo en conta os índices de migración no rural nos anos 20, que deixaban as mulleres a cargo da explotación familiar.²⁰

As revoltas que analiza Francisco Rodríguez Sánchez (2018) na terra de Trasancos,²¹ das que forman parte as accións que acabamos de ver, tiveron como detonante a carestía das

¹⁹Non estamos seguras de se esta asemblea estaría relacionada coa saída á rúa dos veciños deste lugar polas mesmas datas, "para protestar polo alto prezo dos produtos básicos" (Pernas, 2021, p. 101).

²⁰Cabana (2017) amosa o seu desacordo coa interpretación de que a actuación feminina na protesta social puidese derivar da ausencia temporal ou definitiva dos homes, "en tanto que non ten en conta as lóxicas internas polas que nunha casa labrega se toma a decisión de repartir os papeis de protagonismo nos momentos de representación desta" (p. 108).

²¹Delas temos tamén noticia nun artigo xornalístico, como unha rebelión de mulleres (campesiñas, obreiras do téxtil, amas de casa) cos seus fillos ás costas na comarca de Ferrol, que estoupou pola escaseza de fariña e o prezo exorbitante do pan. Foron 11 días de altercados (con saqueos, apedramentos), manifestacións, mitins e negociacións lideradas por mulleres, as cales se organizaron en comités "para negociar coas autoridades e fixar uns prezos máximos que, porén, nunca se cumprían. Arrastraron nas súas protestas os obreiros dos estaleiros, chegouse a convocar unha folga xeral e varias manifestacións con miles de participantes" (Vizoso, 2021). Os sucesivos choques deixaron varios mortos e multitude de feridos e declarouse o estado de guerra. Laura Tato-Fontaiña contoulle á xornalista que: "A represión foi tremenda. Ó mes seguinte houbo un cambio de goberno en Madrid e aprobouse unha amnistía. Porén, ningunha das mulleres encarceradas por esta revolta foi liberada" (Vizoso, 2021).

subsistencias, orixinando "unha actitude inconformista, de rebeldía e protesta nas clases populares, de maneira incisiva nas mulleres desta condición, obreiras e labregas" (p. 34). O autor apunta cara a unha conciencia de clase traballadora que abranguería obreiros e labregos, "en simbiose reivindicativa, expresada a través de mulleres que, a maioría das veces, reunían as dúas condicións, síntoma de vivirmos nunha sociedade maioritariamente simbiótica, alén de seren case sempre as que se encargaban do traballo da casa" (p. 35). No seu texto faise referencia á complementariedade²² dos papeis de homes e mulleres nestas revoltas e explícase que foron elas, que adoitaban capitanear as explosións de protesta e indignación, as que "continuaron controlando a entrada e saída de alimentos [...] deitándose sobre as vías [...] colocando travesas" (pp. 38-39).

Traballadoras (mulleres que carrexaban carbón, cargadoras, peixeiras etc.), nesta ocasión do porto da Coruña, eran as que a comezos do mesmo ano de 1918, achegan as súas queixas ó gobernador civil pola carestía dos alimentos básicos e solicitan que cese a exportación de patacas e se limite a de peixe. Sobre os disturbios que seguiron escribe Alfeirán (2018a), incluíndo estes motíns entre os que se estaban a producir por toda España debido á escaseza e os elevados prezos das subsistencias,²³ que non deron freado as tépedas medidas adoptadas polas autoridades contra os acaparadores e almacenistas.

Un ano despois, a pesar de que a I Guerra Mundial terminara, o problema das subsistencias non desaparecera, dinos o historiador (2018b). As cargadoras do porto da Coruña indignáronse ó ver como eran embarcados para a súa exportación sacos de fabas. Na revolta participaron tamén nenos. Logo de se apropiaren dalgunhas mercadorías e ante a chegada da Garda Civil, as mulleres dividíronse en grupos que marcharon pola cidade "descargando a súa furia nas tendas que encontraban ó seu paso, apedrando os seus escaparates e levándose o que podían". Ó día seguinte, "o motín espontáneo deu paso a unha acción organizada por un grupo reducido de mulleres de escasos recursos", volveu unirse a elas a rapazada e producíronse novos saqueos a tendas e postos da praza da abastos de San Agustín, ata que novamente foron reprimidas a golpes de sabre pola Garda Civil.

Case todos estes conflitos aparecen esbozados no estudo de Pernas(2021), quen, ó final da súa relación, conclúe:

[C]ando se ven ameazados os costumes e as formas de vida da comunidade ou está en perigo a subsistencia do núcleo familiar,²⁴ as mulleres adoitan encabezar os

Rodríguez (2018) indica que a finais de abril sairán da cadea algunhas das mulleres que seguían presas por estes sucesos (p. 42).

²²En Lucea (2002) encontramos unha valiosa reflexión sobre o enfoque da "complementariedade" e os seus perigos (p. 197).

²³Explica o autor como: "[A]proveitando a gran demanda de todo tipo de xéneros realizada polos contendentes [da I Guerra Mundial], os fabricantes e comerciantes españois exportaban inxentes cantidades de mercadorías".

²⁴Non nos resistimos a incluír aquí unha cita que recolle Vallejo (1990): "Os que protestaban ían 'armados do seu dereito, o dereito á vida; e dunha gran forza, a desesperación', dirá *El País* do un de

movimentos de protesta popular. O trato diario que manteñen entre si na rúa, no lavadoiro, na praza e no mercado confírelles a forza e a cohesión social necesarias para defenderen publicamente os seus dereitos, permitíndolles pasar do malestar individual á acción colectiva, prendendo así unha conciencia feminina,²⁵ que, aínda que xurda de formulacións conservadoras, as empurra á mobilización e a amosar actitudes radicais que están moi lonxe da imaxe da muller como vítima e conformista (p. 102).

Ata aquí os achados que fixemos, logo da nosa procura da presenza da muller nos traballos sobre a protesta colectiva pola subsistencia, na Galicia rural e na prolongación desta cara a lugares de distribución e comercialización da produción agraria en vilas e cidades, no primeiro terzo do século XX. As referencias atopadas semellan escasas e refírense a uns poucos territorios: a comarca de Ferrolterra (A Coruña), Tui (Pontevedra), Nebra (Porto do Son, A Coruña), Sobredo (Lugo) e a cidade da Coruña. A maioría delas informan de motíns específicos, agás os traballos de recompilación de Hervés e outros (1997) e Pernas (2021), e o papel das mulleres neles sitúase entre o de vítimas da represión e vangarda das protestas, nas que non pasa desapercibido o seu protagonismo. Porén, parécenos detectar varios aspectos sobre os que cabería profundar, caso das distintas causas da participación das mulleres nas revoltas, do seu papel específico, de como este vai mudando ó longo do seu desenvolvemento, da súa relación coa violencia ou das consecuencias do seu desempeño tras a revolta, entre outros.

Un complemento do visto ata aquí témolo no capítulo de Gérard Brey (2005) "La sociedad gallega (1874-1936)", onde á pregunta de se era indiferenza o que fixo que as mulleres só interviñesen tardiamente na loita sindical, o autor responde de xeito contundente: "Non, en absoluto, posto que elas se achan á cabeza dos motíns de consumos" (p. 187),²⁶ insistindo asemade no papel destacado feminino nesta forma de acción directa. Chegadas a este punto, faise necesario retroceder e avanzar no tempo, así como ampliar o marco xeográfico ó resto de España, para intentarmos ter, bosquexar sequera, un cadro máis completo e complexo da presenza e a participación das mulleres na revolta popular en xeral e nos motíns pola subsistencia en particular.

agosto [de 1892]. Non se podía dicir máis con menos palabras". Así e todo, o historiador engade: "[O]s revoltosos consideraban que tiñan dereito a efectuar a protesta, a esixir o que esixían e da forma en que o facían, porque non lles quedaba outra solución" (p. 24).

²⁵Pareceunos escoitar aquí o eco da idea de "conciencia feminina" que Temma Kaplan desenvolve en "Conciencia femenina y acción colectiva: el caso de Barcelona 1910-1918", en James S. Amelang e Mary Nash, *Historia y género: Las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia, Edicions Alfons el Magnànim, 1990, pp. 267-295. Volveremos sobre esta idea máis adiante da man de Gil (2002).

²⁶E continúa explicando: "Entre 1899 e 1902, [as mulleres] interviñeron constantemente no conflito relativo ó uso da traíña e do xeito. En Santiago, van apedrar os portugueses que acoden a substituír os canteiros en folga (1898). Ó ano seguinte as ferrolás forman piquetes diante do arsenal para protestar contra os despedimentos. En cambio, iso si, quedan á marxe das "sociedades de resistencia" ata principios do século XX" (Brey, 2005, p. 187).

Galicia século XIX

O contexto dánolo a xa citada visión de conxunto elaborada por Hervés e outros (1997) e o capítulo de Aurora Artiaga Rego (2005) "La sociedad gallega (c. 1775-1874)", unha análise que pon especial atención no mundo rural, pero ó longo de cuxas páxinas non se fai distinción entre a axencia feminina e a masculina nas distintas expresións de denuncia e protesta, falándose nelas de participantes, de comunidade, de solidariedade e mobilización veciñal...

Referidos a toda a xeografía española, pero con evidente presenza de Galicia, os traballos de Rafael Vallejo Pousada (1990, 1996) "Pervivencia de las formas tradicionales de protesta: Los motines de 1892" e "El impuesto de consumos y la resistencia antifiscal en la España de la segunda mitad del siglo XIX: un impuesto no exclusivamente urbano", afondan algo máis na actuación das mulleres nos numerosos conflitos que atravesan a segunda metade do Oitocentos. Na súa análise da fiscalidade, no ano 1892 aparecen vendedoras de leite e peixe, que desde as localidades próximas acudían á praza de abastos de Pontevedra, dirixindo a protesta pola suba e ampliación do imposto de consumos (1996, p. 362). En Vigo, foron as mulleres igualmente as que resistiron o pago dos arbitrios na "folga de leiteiras"; e en Ourense vemos as compradoras amotinándose contra o aumento do prezo do leite, rompendo as cántaras e enfrontándose coas vendedoras (p. 363).

Na súa investigación das formas tradicionais de protesta, o historiador procura os contornos da multitude na contestación antitributaria que se estende por todo o país e observamos, sen saír de Galicia, como nas parroquias preto de Vigo, as mulleres foron ás veces presentadas como propagandistas, mentres que outras se dixo delas que foran excitadas á rebelión (1990, pp. 13-14).²⁷ Precisamente sobre a condición de "enganadas" das participantes nos motíns, chama a atención o traballo de Alba Díaz Geda (2021), "Revueltas populares, A Mariña (Lugo) 1891-1892. Un bosquejo",²⁸ no que a investigadora formula unha serie de preguntas sobre a identidade das amotinadas, así como sobre os procesos de diferenciación social no seo das comunidades rurais.

Volvendo a Vallejo (1990), e sen abandonar os límites de Galicia, temos coñecemento de que en Vigo "a folga das leiteiras" se transformou en motín, o que "reflectía a inexistencia dunha estrutura sólida, pero tamén o embrión organizativo que trataba de organizar actitudes, aínda que actuase a través de canles informais, como eran o contacto directo nos mercados, nas prazas e ó longo dos camiños das aldeas" (p. 16-17). E sobre o relevante papel das mulleres,²⁹ do que non estaría exento a solidariedade entre elas, como amosan os alborotos das vilas de Tui e Redondela, apunta: "As mulleres, como vendedoras, eran o sector social máis

²⁷Gil (2009) recolle tamén a chamada "teoría da conspiración", esa que: "denunciaba sempre a existencia dunha man oculta que acendía e dirixía as iras da multitude" (p. 42).

²⁸Comunicación no Congreso da AHC, Córdoba, 9-11 de setembro de 2021. Sobre os motíns de 1892 na Mariña, Díaz Geda cita as investigacións de Xosé Ramón Fernández Pacios, Xosé Ramón Hermida Meilán e Francisco Piñeiro González, algunhas delas dispoñibles en liña.

²⁹Vallejo (1990) considera que este papel "ten sido suficientemente posto de relevo pola historiografía. Thompson para Inglaterra, Rudé para Francia, Luis Alonso e Pablo Taboada para Galicia..." (p. 17).

directamente afectado pola tributación excesiva. Así mesmo, as forzas represivas do Estado, adoptaban unha maior cautela nas súas accións cando en fronte se encontraban con representantes do 'outro sexo'" (p. 17). A achega deste autor ó coñecemento da participación feminina nos motíns de 1982 complétase coa mención ó xurdimento de líderes a medida que se desenvolve o conflito, "que axitaban, excitaban e seducían"³⁰ (p. 18), e ó carácter selectivo da violencia exercida.³¹

Retrocedendo un pouco máis no tempo, contamos coa investigación de Pedro Díaz Marín (2003), "Crisis de subsistencia y protesta popular: Los motines de 1847". Nestas páxinas encontramos de novo o rol fundamental das mulleres, "máis sensibles ás oscilacións de prezos por estar en contacto directo co mercado e sometidas a unha acusada discriminación salarial con respecto dos homes". E temos constancia da súa presenza nos motíns que comezaron a mediados de marzo "en Vigo e se estenderon a Redondela, Ponte Sampaio, Pontevedra, onde as mulleres de xornaleiros estragaron sacos de millo, Santiago, Coruña –onde houbo varios mortos por disparos das tropas–, Rianxo e Tui" (p. 47).

Galicia franquista

Unha referencia ineludible neste período da historia recente son as contribucións de Cabana (2006, 2021), "Minar la paz social: Retrato de la conflictividad rural en Galicia durante el primer franquismo" e "'Ciento cincuenta mujeres y ningún hombre'. Mujeres y protesta en el campo gallego durante el franquismo".³² Indica a historiadora no primeiro destes traballos a excepcionalidade dos motíns documentados na década dos corenta do pasado século en Cerceda e Tordoia (A Coruña), e no Saviñao e Guitiriz (Lugo), debido á "represión en forma de multas e condenas penais que implicaban". A seguir explica que nestes casos era "a maior parte da aldea, cando non a súa totalidade, a que participaba dos tumultos, [...] contando coa axuda ou a convivencia dalgunha autoridade [...] e empregando as argucias ó seu alcance para minimizar a represalia das forzas de orde". Entre as súas mañas salienta precisamente a presenza de mulleres e nenos en primeira liña. Para a investigadora, esta forma de actuación presupón certo grao de organización e indicaría "que se trata dunha acción marcada pola

³⁰"Nas descrições de distintos xornalistas, a líder presentaba 'un rostro fermoso' e estaba 'moi ben peiteada' e tiña nome e apelidos: María Ugalde, Petra Algarra, Teresa Maroto, Elvira Lozano..." (Vallejo, 1990, p. 18).

³¹"[C]oncentrábase inicialmente nestes ámbitos [lugares onde se cobraban os impostos], para despois dos primeiros forcexos estenderse por toda a xeografía urbana, dirixíndose selectivamente cara a aqueles puntos nos que se situaban as institucións ante cuxas autoridades se quería patentizar o descontento [...] Atrás quedaban as destrucións dos fielatos (Noia), a queima de documentos relacionados cos arbitrios [...] a ruptura de cristais, fiestras e outros efectos dos concellos, das casas dos alcaldes e dos arrendatarios do imposto (Lorca); tamén as agresións ós responsables do cobro (Ribarroja) e ás autoridades nas que se personificaba a odiosidade: o Alcalde, o Gobernador civil e o secretario das corporacións municipais (Ourense). En definitiva, violencia selectivamente orientada. (Vallejo, 1990, p. 18-19).

³²Xunto da xa mencionada "Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego" (Cabana, 2017).

racionalidade e pola existencia de pautas e límites establecidos", o que refutaría o seu carácter explosivo e casual (2006, p. 276). No texto máis recente, Cabana dá visibilidade ás accións e os suxeitos femininos que ata agora non foran merecedores da debida atención historiográfica, e centra a súa análise nos repertorios da protesta.

A outra referencia que para a época franquista en Galicia traemos a esta revisión é a investigación de María Jesús Souto Blanco (2003), "Una 'revuelta del hambre' en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao". Nestes feitos de 1946, advirte a autora que só participaron activamente as mulleres, que chegaron a formar unha agrupación de 400 ou 500 entre as de Escairón e as que estas reuniron das parroquias próximas. Foi a súa unha protesta para que o centeo non saíse de Escairón cara ó mercado negro. Sobre os sucesos aclara a historiadora que, tratándose de mulleres e ocasionalmente de nenos, se conseguía "despolitizar totalmente a protesta, minimizando a percepción de perigo polas autoridades represivas, co que se evitaba que cometesen brutalidades (o que nunca se podía descartar de todo [...]), e as reivindicacións tiñan máis posibilidades de prosperar" (p. 246). Aínda que as iniciadoras e protagonistas foron as mulleres, os homes apoiábanas e, "se as forzas da orde abusaban da súa autoridade no trato dado ás mulleres, os homes podían levantarse provocando accións violentas que recruaban a protesta logrando que esta alcanzase unha maior difusión" (p. 247). Finalmente, Souto quita a conclusión de que "[a] intención das mulleres sería entón manter ou recuperar unha situación asumida como un dereito: o autoabastecemento" (p. 250). E encadra a súa protesta como forma *reactiva*, pois "reclaman un dereito que lles fora arrebatado o que, xunto á impiedade dos axentes públicos no caso do estraperlo, constitúen os agravios que se poñen de manifesto na protesta" (p. 251). As mulleres non conseguiron impedir que o gran saíse, pero, malia a despolitización procurada, "estes episodios de confrontación co subministro de alimentos, menoscabaron o réxime" (p. 254).

España contemporánea

Para completarmos o cadro que estamos intentando restaurar (a partir da serie de traballos historiográficos que demos reunido), na procura do lugar ocupado polas mulleres nas expresións de acción directa colectiva, ó saberen en perigo as condicións de subsistencia –pola carestía desta³³ ou a elevación dos impostos–, imos abrir aínda un pouco máis o foco e percorrer o resto da xeografía española³⁴ nalgúns momentos da época contemporánea. Será o que segue un repaso necesariamente breve e selectivo, dada a súa amplitude espacial e

³³Respecto das crises de subsistencias en España, durante as dúas primeiras décadas do século XX, Joan Serrallonga i Urquidi (1991) afirma que: "Están marcando o punto álxido das protestas e a carestía é o fenómeno clave para seguir os claros motíns que se van producindo ó longo do período. A vestimenta política que arroupa as protestas non pode en ningún caso esquecer a carestía como factor de consenso no momento de realizar calquera manifestación de descontento" (p. 178).

³⁴Temos unha referencia importante, que abrangue todo o escenario español e reúne os motíns da década a cabalo entre os séculos XIX e XX, en María Luz Arriero, "Los motines de subsistencias en España, 1895-1905", *Estudios de Historia Social*, nº 30, 1984, pp. 193-250.

temporal, pero coidamos que servirá para revelar e alumar un pouco máis o papel por elas desempeñado.

Consulta necesaria é a investigación de Víctor Lucea Ayala (2002), "Amotinadas: las mujeres en la protesta popular de la provincia de Zaragoza a finales del siglo XIX", onde se revisa en primeiro lugar a presenza e a imaxe das mulleres que amosan o seu descontento, reducido o asunto por moitos dos estudosos coetáneos a unha "mera cuestión de respostas nerviosas", asociando ás protagonistas da protesta "escasa o nula moralidade" (p. 188). Porén, non sería este o único argumento para descualificar a súa desconformidade, senón que a ela se sumaría unha paixón inmoderada. Así: "A muller rebelde, desde calquera dos enfoques utilizados para desprestixiar a súa acción, non contaría con conciencia propia, ben por estar fóra de si, ben por obedecer sen sabelo intrigas de terceiros" (p. 191).³⁵ O que o historiador fará ó longo das seguintes páxinas é avanzar na conciencia (individual e colectiva) que se lles negaba ás mulleres. Observa por exemplo que: "[N]a protesta as mulleres establecían a súa identidade pública, aquela da que carecían en tempos normais, converténdose en representantes da comunidade que as rodeaba para defenderen os costumes agredidos ou os intereses da subsistencia". E engade: "Ademais hai que ter en conta que non actuaban exclusivamente a través do motín, e que tamén utilizaban eficaces tácticas de acougo, como a súplica, o rogo ou o pacto, vertebradas ó redor de certos valores comúns" (p. 198).

Se ata os anos noventa do século XIX o mercado era "o corazón da protesta na capital, cara a onde se dirixían todas as miradas para saber se as mulleres promovían a acción ou se unían a algunha manifestación de descontento xa en marcha" (p. 201), nas primeiras décadas do século XX "a súa experiencia laboral, intrinsecamente unida ó seu valor simbólico como principais elementos para a reprodución en sentido amplo, da familia, afecta de cheo o desenvolvemento da conflitividade social". Neses anos, "as súas ideas, valores e estratexias de protesta permanecerán vixentes, sobre todo entre os grupos que tradicionalmente organizaban o levantamento, como as vendedoras dos mercados, e isto pese ó cada vez maior predominio da folga obreira organizada" (p. 204). Con todo, "en termos xerais, a presenza feminina na rúa e na protesta experimentou, a partir da segunda metade do século XIX unha progresiva debilitación e un repregamento ó interior das unidades domésticas privadas" (p. 206).

Continuando co noso labor de busca de información, das diversas publicacións que compoñen a obra de Óscar Bascuñán Añover para tratar de entender a protesta popular e o papel protagonista das clases subalternas como axentes de cambio social –con especial atención a Castilla La Mancha durante a época da Restauración³⁶– traemos aquí "Movilización y prácticas

³⁵Xa tratamos anteriormente nestas páxinas a alusión á manipulación nas publicacións de Vallejo (1990) e Díaz Geada (2021).

³⁶Véxase, por exemplo, Óscar Bascuñán Añover, *Protesta y supervivencia, movilización y desorden en una sociedad rural. Castilla la Mancha, 1875-1923*, Alzira, Centro Tomás y Valiente, 2008. Adaptación da súa tese de doutoramento *Protesta y supervivencia: las prácticas populares del desorden en Castilla-La Mancha. 1875-1923* (2006).

del desorden en la sociedad de la España castellano-manchega de la Restauración, 1875-1923". Neste texto achamos debulladas as pautas de comportamento que se revelan no motín que estoupa "ante algún tipo de agravio concreto cando existían perspectivas de que este tipo acción colectiva era a máis eficaz para conseguir restablecer o dereito usurpado ou corrir a ofensa", e batemos novamente co posto adiantado feminino e o seu incipiente papel como mediadoras: "[A]s mulleres e os nenos situábanse case sempre á vangarda da protesta para conter a práctica represiva e eran elas as que adoitaban actuar de interlocutoras coas autoridades" (2009, p. 139).

Intereses de coñecemento similares moven e atravesan as investigacións de Carlos Gil Andrés (2006, 2009), centradas desta vez en La Rioja. Na súa descrición dos motíns de Calahorra en 1892 e posterior análise dos actores, motivos e principais características das protestas populares na España de finais do XIX, en "¡Abajo Logroño! Los motines de Calahorra de 1892. Lecturas para la historia", volvemos encontrar as mulleres cos nenos antes de recibir o apoio dos homes, e un grupo delas expoñendo ás autoridades o motivo da queixa e pedindo que se tomasen medidas efectivas (2009, pp. 43-44). Tras a petición viña a manifestación e logo o motín: "Eran as protagonistas indiscutibles. A súa importancia non descansaba unicamente en razón do seu número, senón na función social que desempeñaban dentro da familia e da sociedade. [...] [A] súa acción representaba o sentir de amplos sectores populares" (pp. 46-47). Constata o historiador que o feito de estaren varias mulleres entre os procesados non era extraordinario. Porén, "nos momentos de enfrontamento directo coas forzas da orde eran máis respectadas [...] Por iso resulta lóxico que, pese a ser as protagonistas absolutas dos motíns, constituísen unha minoría dos detidos" (p. 47).

Noutro artigo do mesmo autor, "Sobre faldas y pantalones. Mujeres entre lo público y lo privado en la Calahorra contemporánea", máis unha vez dásenos conta do papel preponderante que as mulleres adquiren nas accións de protesta contra o prezo das subsistencias ou o pago dos impostos indirectos (2006, p. 186). Agroma ó longo das páxinas esa idea de "conciencia feminina" formulada por Temma Kaplan³⁷, que Gil (2006) resume como: "Unha especie de impulso feminino que mobiliza as mulleres das clases populares en función das responsabilidades que asumen ó aceptaren a división sexual do traballo".³⁸ O autor explica deseguido que a conciencia feminina nace dese compromiso co benestar social que, "aínda que parte de formulacións conservadoras, empurra as mulleres a amosar actitudes radicais cara ás autoridades públicas, relaciona as actividades da vida cotiá cos problemas políticos e rompe os estereotipos que se empeñan en mostrar as mulleres como vítimas dóciles e conformistas" (p. 188).

³⁷ Á que cremos que aluden as páxinas de Pernas (2021, p. 102) xa referidas, e recollen explicitamente as de Lucea (2002, p. 197).

³⁸Thompson (2019) tamén cita á historiadora estadounidense, quen elaborou o concepto apoiándose na aceptación por parte das mulleres desa división que lles asigna "a responsabilidade de preservar a vida" (p. 447).

Enumeramos, por último, de xeito máis sucinto, un pequeno grupo de artigos nos que tamén entrevistamos a presenza e participación feminina na revolta popular. Para o primeiro terzo do século XX, JesúsÁngel Redondo Cardeñoso (2010), na súa tese de doutoramento "Culturas de protesta y violencia de los campesinos de Tierra de Campos (1900-1923)", recolle o papel das mulleres como interlocutoras da comunidade, e insiste no seu destacado rol nos momentos iniciais dos motíns (por seren as que coñecían de primeira man os vaivéns dos prezos dos mercados), así como en que a súa presenza, á miúdo xunto dos seus nenos, "reforzaba a lexitimación das súas reivindicacións e acentuaba a gravidade da súa situación instando ó paternalismo e a xustiza cristiá, [...] buscaba que as autoridades se retraesen dunha reacción violenta inmediata" (p. 53).

Indo cara a atrás no tempo, Antonio Rodríguez Iglesias (2009), en "Crisis finisecular y conflictividad social en Mérida", incide no importante papel feminino nas accións emprendidas pola suba do prezo dos alimentos básicos (p. 275), e insinúa que talvez a súa presenza (e a participación dos nenos) podería sacarlle ferro á situación (p. 276). Advirte este autor que: "En contraste coa tardía consecución dos dereitos políticos e integración no movemento obreiro, a muller ten un gran protagonismo nas accións populares de protesta 'tradicionais'". E sinala a continuación: "Cando se dá a participación conxunta de homes e mulleres, xogan un rol diferente" (p. 296).

Sen cambiarmos de marco temporal e só levemente o espacial, en "'La ruina de los pobres'. Motines populares en Villafranca de los Barros a finales del siglo XIX", Juan José Sánchez González (2015) tamén nos fala da presenza conxunta de mulleres e nenos o primeiro día, e delas e mais os homes o segundo, o que sumaba tensión (p. 38). De particular interese parécenos o seu análise sobre o diferente desempeño da muller xornaleira, menos definido como nai e ama de casa que o da muller burguesa, e que faría lóxica a súa "activa participación nos motíns como parte dunhas responsabilidades que compartían cos homes". A este respecto, segue dicindo: "No motín de 1892, un grupo de mulleres chegou, incluso, a actuar como representantes da poboación xornaleira fronte ás autoridades municipais, algo inconcibible no caso das mulleres pertencentes á burguesía" (p. 42).

Para ese ano especialmente conflictivo do século XIX, en "¡Abajo el Municipio! Dinámicas y lógicas de la cultura de protesta femenina en Madrid a través del motín de verduleras de 1892", Santiago de Miguel Salanova e Rafael Buhigas Jiménez (2021) analizan as calidades do programa de acción colectiva feminina, a súa condición social transversal e as súas repercusións políticas a nivel local. Continuando na mesma data, pero noutro escenario, Diego Moreno Galilea (2017), no seu artigo "Los motines de Calahorra de 1892: Saturnina Mangado y el protagonismo de las mujeres", recolle de Gil (2009, p. 44) que ademais dos mercados e as prazas diante do Concello, "os outros obxectivos preferentes das masas [con importante

presenza feminina] foron a estación de ferrocarril e a oficina de telégrafos, que deixaron incomunicada a cidade" (p. 170).³⁹

Por último, para mediados do XIX, Javier Moreno Lázaro (2003), en "Fiscalidad y revueltas populares en Castilla y León durante el bienio progresista, 1854-1856", amósanos decenas de mulleres protagonizando unha revolta en Zamora pola carestía do pan (p. 119). Tamén se contarían por decenas, xunto de nenos, as que impediron en Astorga a saída de carros cargados de trigo cara a Santander (p. 128). Máis adiante, constata a dureza da represión e as súas fatais consecuencias: "Moitos nenos lactantes, afastados das súas nais encarceradas, perderon a vida" (p. 134).

Remata aquí o noso repaso das diversas contribucións historiográficas que fomos atopando sobre a acción directa e pública de protesta feminina, ó principio centrada na Galicia rural do primeiro terzo do século XX e, posteriormente, ampliada no espazo cara ó resto de España e no tempo cara ó Oitocentos e as décadas iniciais do franquismo.

Conclusiones

Baixo a sombra alargada de Thompson, que aínda segue ofrecéndonos bo acubillo, a dicir de Lucea (2002, p. 186), comezamos a nosa singradura polos procelosos mares da conflitividade desencadeada cada vez que homes e, sobre todo, mulleres viron o seu dereito á subsistencia ameazado; e, sen afastarnos moito do seu maxisterio,⁴⁰ imos poñerlle o ramo.

Na construtiva polémica que o historiador inglés mantivo co seu colega John Bohstedt respecto do papel interpretado polas mulleres nos motíns de subsistencia, afirmaba Thompson (2019) que Bohstedt desexaba quitarlle importancia á súa actividade no mercado para facer fincapé no papel produtivo que as mulleres desempeñaban na unidade doméstica protoindustrial, en tanto que "protocidadás e constituíntes da organización e a economía locais, case iguais ós homes en afirmar os seus dereitos ó pan dispoñible".⁴¹ A isto respondía o autor de *A formación da clase obreira en Inglaterra* que "[e]stas mulleres (e estes homes) eran para elas mesmas e non para nosoutros: eran protonada" (p. 433). E continuaba explicando que:

Eran exactamente a magnitude e a importancia manifesta do papel da muller, así como as súas múltiples responsabilidades, cada unha das cales esixía habilidades especiais, as que lle daban autoridade na unidade doméstica e respecto na comunidade. O seu

³⁹Xunto do telégrafo e o ferrocarril, Bascuñán (2009, p. 140) menciona ademais os fílatos, indicando que estes tres establecementos exemplifican a presenza do Estado liberal nas distintas poboacións. E sobre a xeografía da revolta advirte o autor: "En ocasións, non hai máis que seguir o trazado do ferrocarril e as vías de comunicación principais para detectar os lugares onde estouparon motíns antifiscais e, sobre todo, de subsistencia" (p. 142).

⁴⁰Sabemos que Thompson non foi un académico ó uso, pero o que talvez sexa menos coñecido é que non pretendía converterse en historiador, senón que a súa vocación era ser poeta, militante e escritor.

⁴¹Bohstedt citado en Thompson (2019, p. 432).

traballo era indispensable e ela sabíao moi ben. [...] Pero isto non era debido a que os papeis dos sexos fosen case indistinguíbles (p. 434).

Bohsdedt suxerira que nos motíns de subsistencia as mulleres expresaban a súa solidariedade cos homes, como "case iguais" seus que eran; porén, Thompson, cos datos recadados, non podía dar por válida esa conclusión. Tampouco é a que nós quitamos da lectura dos distintos traballos historiográficos que revisamos. Neles vimos mulleres soas iniciando as protestas, mulleres que ás veces levaban canda elas os nenos, e mulleres que só nos días sucesivos eran apoiadas polos homes nas súas manifestacións de desconformidade.

Vimos como os seus saberes, o coñecemento que atesouraban do funcionamento da unidade doméstica, da comunidade, do mercado, do dereito á subsistencia e ó intercambio "recíproco" coas elites e o Estado, facían que axiña percibisen o perigo, isto é, a dificultade, cando non a imposibilidade, da existencia; e que se decatasen decontado dos agravios e da inxustiza que supuña unha escaseza a miúdo menos natural que provocada.

Vimos que o seu papel como vítimas da protesta está aínda en discusión, pero que non o estaría xa a lexitimidade da propia protesta nin a racionalidade que a inspiraba e a sustentaba. Vimos, pareceunos entrever, que no primeiro terzo do século XX se estaba acrecentando a tensión (e posiblemente a complementariedade⁴² nese intre) entre unha das máis antigas manifestacións de denuncia e oposición ós ataques á supervivencia, como eran os motíns populares, e o xeito de responder ás agresións, mediante manifestacións e folgas, do recente asociacionismo agrario e das incipientes organizacións obreiras e sindicais.

Tamén albiscamos a permeabilidade entre o rural e o urbano ó longo do século XIX e ata ben entrado o século XX, en España en xeral e en Galicia en particular, así como a porosidade das fronteiras entre os tumultos pola escaseza e/ou a carestía dos alimentos básicos e as revoltas antifiscais, nese mesmo período e nese mesmo escenario. E enxergamos algo da natureza e o carácter selectivo da violencia que utilizaron as mulleres nas accións directas colectivas, así como da represión que sufriron por parte das autoridades.

De grande utilidade resultounos ampliar o noso marco temporal e espacial iniciais, ó atoparmos máis ben poucos estudos que se detivesen, e non só mencionasen, o papel das mulleres galegas nos motíns de subsistencia que tiveron lugar no primeiro terzo do século XX. Isto brindounos a oportunidade de continuarmos explorando este exemplo de mobilización popular (con claro liderado feminino), e advertir como fora perdendo protagonismo ó longo do século XIX, sen que a comezos do seguinte as súas actrices principais obtivesen apenas papeis no movemento obreiro.

Por ese camiño, aproveitando os xa andados por algúns dos historiadores e das historiadoras cuxos estudos estivemos a repasar, semella que fica aberto o horizonte de investigación cara ó que apuntaban algunhas das preguntas que guiaron a nosa pescuda: Cales foron as causas da presenza e da participación feminina nos motíns pola subsistencia na Galicia rural do primeiro

⁴²Hervés e outros (1997), Vallejo (1990).

terzo do século XX? Cal foi o seu papel específico? Tiveron varios? Cambiaron co desenvolvemento da revolta? Fixérono ó se modificaren os propios conflitos que a orixinaran? Cal foi a súa relación coa violencia? Exercérona, recibírona, mediaron para contela? Que consecuencias trouxeron os seus actos de protesta para elas e no espazo doméstico e comunitario que ocupaban?

Aprendemos con Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly (1997) que "a presenza ou ausencia de violencia produce de por si poucos cambios nos resultados históricos, pero a acción colectiva que conduce á violencia é nada menos que o material con que se constrúe a historia"⁴³ (p. 332). Nesa expresión de acción colectiva que foron os motíns, as mulleres, sabémolo, interpretaron non un senón varios papeis fundamentais (iniciadoras, indutoras, interlocutoras, organizadoras, negociadoras, mediadoras, vítimas...), e xogaron a vida por defendela, por defenderen o dereito á existencia, ese que Robespierre⁴⁴ consideraba o primeiro de todos os dereitos.

É por isto que cremos que cómpre seguirmos avanzando no coñecemento dos motíns de subsistencia e dos seus participantes porque nesta, como noutras formas de revolta popular, latexa a pugna entre modelos económicos (e de sociedade) alternativos. O que a primeira vista podería parecer unha acción moi conservadora, ó intentar regular pola forza (porque non existían outras canles) o prezo e a dispoñibilidade das mercancías de primeira necesidade, desvelaría en realidade a percepción (máis ou menos consciente) das clases subalternas de como tiña que funcionar a economía e como non.

Isto converte as mostras do seu descontento nunha acción de resistencia rebelde, na medida en que estarían resistindo e se estarían rebelando contra o novo tipo de relacións sociais capitalistas. Grazas a esa rebeldía que pedía prezos xustos e a fin da especulación con eles,

⁴³Ch. Tilly, L. Tilly e R. Tilly (1997) manifestaban no seu ensaio que: "[S]upón pouca diferenza histórica que un motín de subsistencias ou unha manifestación terminasen ou non danando persoas ou bens. Como moito, a presenza de danos físicos polariza un pouco máis os partidos e proporciona unha xustificación para o próximo uso da forza. Pero ó longo dos séculos XIX e XX as formas de acción colectiva que adoitaban producir violencia eran tamén as formas principais polas que a xente normal facía saber os seus desexos e as súas reivindicacións. E non é unha simple coincidencia. De feito, unha gran parte do dano ós bens e especialmente ás persoas resultou das reaccións das elites ás reivindicacións da xente corrente" (pp. 332-333).

⁴⁴Maximilien Robespierre: "Cal é o primeiro obxectivo da sociedade? É manter os dereitos imprescritibles do home. Cal é o primeiro destes dereitos? O dereito á existencia. A primeira lei social é pois a que garante a todos os membros da sociedade os medios de existir. Todos os demais están subordinados a este. A propiedade non ten sido instituída ou garantida para outra cousa que para cimentalo. Téñense propiedades, en primeiro lugar, para vivir. Non é certo que a propiedade poida opoñerse xamais á subsistencia dos homes. Os alimentos necesarios para o home son tan sagrados coma a propia vida. Todo canto resulte indispensable para conservala é propiedade común da sociedade enteira; tan só o excedente pode ser propiedade individual, e pode ser abandonado á industria dos comerciantes. Toda especulación mercantil que fago a expensas da vida do meu semellante non é tráfico, é bandidaxe e fratricidio". Discurso de Robespierre publicado no portal Kaosenlared. Recuperado 5 de agosto de 2022 de <https://archivo.kaosenlared.net/maximilien-robepierre-la-primera-ley-social-es-aquella-que-garantiza-a-todos-los-miembros-de-la-sociedad-los-medios-para-existir/>

homes e mulleres sen apenas recursos embarcaron nun labor de conquista de certas garantías para apontoar a existencia.⁴⁵

Nestes momentos que a sabemos seriamente ameazada polas consecuencias do modelo de relacións sociais e económicas que finalmente se impuxo, talvez cobre un sentido senón novo si anovado, o feito de mirarmos para o pasado no intento de albiscar como transitar e transformar o presente, cuestionando sen descanso o capitalismo e loitando pola democratización das relacións produtivas no ronsel das nosas amotinadas devanceiras.

⁴⁵Quero amosar aquí o meu agradecemento á lectura e interpretación que da obra de Thompson, e moi particularmente da súa "economía moral", fixo en varios lugares Julio Martínez-Cava (dende o estudo preliminar na edición de Capitán Swing de *Costumbres en común* (2019) e a presentación dese volume na librería madrileña Traficantes de sueños, ata a súa tese de doutoramento *Gorros fríos en la guerra fría. El socialismo republicano de E.P. Thompson* (2020), Universitat de Barcelona), as cales me axudaron a internarme a súa comprensión.

Bibliografía

Alfeirán, X. (2018a, febreiro 5). Los motines del hambre azuzados por las mujeres. *La Voz de Galicia*. Recuperado 13 agosto 2022 de https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2018/02/05/motines-hambre-azuzados-mujeres/0003_201802H5C5994.htm

Alfeirán, X. (2018b, decembro 3). El motín de las alubias. *La Voz de Galicia*. Recuperado 13 agosto 2022 de https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2018/12/03/motin-alubias/0003_201812H3C2996.htm

Artiaga Rego, A. (2005). La sociedad gallega (c. 1775-1874). En J. de Juana e J. Prada (Coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 57-82.

Bascuñán Añoover, Ó. (2009). Movilización y prácticas del desorden en la sociedad de la España castellano-manchega de la Restauración, 1875-1923. En F. Molina Aparicio (Coord.). *Extranjeros en el pasado. Nuevos historiadores de la España contemporánea*. Bilbao: Universidad del País Vasco, 129-156.

Brey, G. (2005). La sociedad gallega (1874-1936). En J. de Juana e J. Prada (Coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 169-202.

Cabana Iglesia, A. (2021). "Ciento cincuenta mujeres y ningún hombre". Mujeres y protesta en el campo gallego durante el franquismo. *Historia social*, (99), 119-138.

Cabana Iglesia, A. (2017). Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego. *Boletín Galego de Literatura*, (50), 89-114.

Cabana Iglesia, A. (2006). Minar la paz social: Retrato de la conflictividad rural en Galicia durante el primer franquismo. *Ayer*, (68), 267-288.

De Miguel Salanova, S. e Buhigas Jiménez, R. (2021). ¡Abajo el Municipio! Dinámicas y lógicas de la cultura de protesta femenina en Madrid a través del motín de verduleras de 1892. *Arenal*, 28(2), 385-414.

Díaz Geadá, A. (2021). Revueltas populares, A Mariña (Lugo) 1891-1892. Un bosquejo. Congreso da AHC, Córdoba, 9-11 de setembro de 2021.

Díaz Marín, P. (2003). Crisis de subsistencia y protesta popular: Los motines de 1847. *Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural*, (30), 31-62.

Domènech, X., Martínez-Cava, J. e Delgado, J. (2021, outubro 22). Historiografía y marxismo. Una conversación entre Xavi Domènech y Julio Martínez-Cava, *Sinpermiso*. Recuperado 15 de xullo de 2022 de <https://www.sinpermiso.info/textos/historiografia-y-marxismo-una-conversacion-entre-xavi-domenech-y-julio-martinez-cava>

Fernández Fernández, E. (2018). Os mártires de Nebra. Cans, 1916. En X. R. Hermida Meilán (Coord.). *Rebeldía galega contra a inxustiza*. Compostela: Sermos Galiza, 22-31.

Gil Andrés, C. (2009). ¡Abajo Logroño! Los motines de Calahorra de 1892. Lecturas para la historia. *Kalakorikos*, (14), 31-56.

Gil Andrés, C. (2002). Sobre faldas y pantalones. Mujeres entre lo público y lo privado en la Calahorra contemporánea. *Kalakorikos*, (7), 185-200.

Hervés Sayar, H., Fernández González, Á., Fernández Prieto, L., Artiaga Rego, A. e Balboa López, X. (1997). Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo. *Historia Agraria*, (13), 165-191.

Leira-Castiñeira, F. J. (2021). A formación da sociedade civil a través da protesta agraria. O caso de Porto do Son no cambio de século. En F. J. Leira-Castiñeira e M. Cabo (Eds.). *A xustiza pola man. Violencia e conflictividade na Galicia contemporánea*. Vigo: Galaxia, 189-216.

Lucea Ayala, V. (2011). Amotinadas: las mujeres en la protesta no institucionalizada en la provincia de Zaragoza a finales del siglo XIX. *Ayer*, (47), 185-207.

Martínez Moreno, R. e Martínez-Cava, J. (2020, abril 18). Regulación de alquileres: la economía moral en la pandemia. *Sinpermiso*. Recuperado 15 de xullo de 2022 de <https://www.sinpermiso.info/textos/regulacion-de-alquileres-la-economia-moral-en-la-pandemia>

Moreno Galilea, D. (2017). Los motines de Calahorra de 1892: Saturnina Mangado y el protagonismo de las mujeres. *Kalakorikos*, (22), 161-171.

Moreno Lázaro, J. (2003). Fiscalidad y revueltas populares en Castilla y León durante el bienio progresista, 1854-1856. *Historia Agraria*, (31), 111-139.

Pernas Oroza, H. (2021). Instigación e recepción feminina de actos violentos na Galicia do séculos XIX e comezos do XX. En F. J. Leira-Castiñeira e M. Cabo (Eds.). *A xustiza pola man. Violencia e conflictividade na Galicia contemporánea*. Vigo: Xerais, 91-115.

Pernas Oroza, H. (2011). *Historia das mulleres en Galicia. Época contemporánea*. Santiago de Compostela e Vigo: Xunta de Galicia e Nigra Trea.

Redondo Cardeñoso, J. Á. (2010). *Culturas de protesta y violencia de los campesinos de Tierra de Campos (1900-1923)* (Tese de doutoramento). Universidad de Valladolid, Castilla y León.

Rodríguez Sánchez, F. (2018). Revolta popular coas mulleres na vangarda. Trasancos, Marzo 1918. En X. R. Hermida Meilán (coord.). *Rebeldía galega contra a inxustiza*. Compostela: Sermos Galiza, 33-43.

Rudé, G. (1978). *La multitud en la historia. Los disturbios populares en Francia e Inglaterra 1730-1848* (2.ª ed.). Madrid: Siglo veintiuno. [Orixinal en inglés, 1964]

Rudé, G. (1980). *Revuelta popular y conciencia de clase*. Barcelona: Crítica. [Orixinal en inglés, 1980]

Sánchez González, J. J. (2015). "La ruina de los pobres". Motines populares en Villafranca de los Barros a finales del siglo XIX. *El Hijonal. Revista de Estudios del MUVI*, (5), 30-45.

Serrallonga i Urquidi, J. (1991). Motines y revolución. España 1917. *Ayer*, (4), 169-191.

Souto Blanco, M^a J. (2003). Una "revuelta del hambre" en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao. *Pasado y Memoria: Revista de Historia Contemporánea*, (2), 241-254.

Suárez Estévez, X. M. (2018). Paz, xustiza, traballo. Sobredo, 1922. En X. R. Hermida Meilán (coord.). *Rebeldía galega contra a inxustiza*. Compostela: Sermos Galiza, 57-66.

Thompson, Edward P. (2019). *Costumbres en común. Estudios sobre la cultura popular*. Madrid: Capitán Swing. [Orixinal en inglés, 1992]

Tilly, Ch., Tilly, L. e Tilly, R. (1997). *EL siglo rebelde, 1830-1930*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza. [Orixinal en inglés, 1975]

Vallejo Pousada, R. (1990). Pervivencia de las formas tradicionales de protesta: los motines de 1892. *Historia Social*, (8), 3-28.

Vallejo Pousada, R. (1996). El impuesto de consumos y la resistencia antifiscal en la España de la segunda mitad del siglo XIX: un impuesto no exclusivamente urbano. *Revista de Historia Económica*, (2), 339-370.

Veciño Souto, L. (2018). As labregas nos conflitos da primeira metade do século XX. En X. R. Hermida Meilán (coord.). *Rebeldía galega contra a inxustiza*. Compostela: Sermos Galiza, 69-75.

Vizoso, S. (2018, marzo 18). La rebelión de mujeres que llevó a declarar el estado de guerra. *El País*. Recuperado 13 de agosto 2022 de https://elpais.com/politica/2018/03/18/actualidad/1521387870_187820.html